

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE GAÑADOR NOS I PREMIOS EUROPEOS Á CONTRATACIÓN PÚBLICA DE INNOVACIÓN

- O Consello Europeo de Innovación (EIC) convocou a primeira edición dos Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación (EUIPAwards), que pretenden recoñecer aos compradores públicos e privados de toda Europa nos seus esforzos por promover a contratación de innovación.
- O SERGAS foi gañador co primeiro premio na categoría denominada Innovation procurement strategy award na que se premian estratexias a longo prazo que desencadean diferentes adquisicións de innovación, solucións e prácticas sustentables.
- O resultado coñeceuse durante o Cume do Consello Europeo de Innovación do 24 ao 25 de novembro de 2021 en Bruxelas.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021.- O [Servizo Galego de Saúde](#) foi galardoado hoxe en Bruxelas co [primeiro premio nos I Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación](#) convocados polo Consello Europeo de Innovación (EIC).

Os galardóns, teñen como obxectivo dar visibilidade á importancia dunha estreita cooperación entre o comprador e o proveedor para levar as solucións innovadoras ao mercado. Trátase dunha das iniciativas do EIC destinada a apoiar e fomentar a contratación de innovación na Unión Europea.

O Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, presentou en xullo deste ano a candidatura titulada "[O camiño galego de innovación en busca da contratación pública de solucións innovadoras para un envellecemento activo e saudable](#)", titulada en inglés "*The Galician innovation Journey in search of PPI solutions for active and healthy ageing*", co acrónimo "INNO-AHA SERGAS".

A candidatura mostra a aposta da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde desde o ano 2012 pola compra pública innovadora con proxectos como Hospital2050 e Innovasaúde, Código100 e proxectos actualmente en marcha como Innova MicroLab, INNOVATRIAL ou LABSAÚDE -o primeiro living lab de saúde do SERGAS no Hospital Universitario de Ourense-. Ademais a candidatura inclúe o recoñecemento de Galicia como unha das rexións de referencia europea no desenvolvemento, a adopción e escalado de prácticas innovadoras para un envellecemento activo e saudable (EIP on AHA Reference Site con 4 estrelas).

O proceso para a obtención do prestixioso premio constou de varias fases. En setembro, coñecéronse as 6 candidaturas finalistas que competiron co SERGAS, na categoría Innovation procurement strategy award na que se premian estratexias a longo prazo que desencadean diferentes adquisicións de innovación, solucións e prácticas sustentables.

- INNOSPRINT DIH (Francia)
- INNO-AHA SERGAS (España)
- NCBR-IS (Polonia)
- RESAH INNOVATION (Francia)
- Smartiago (España)
- WBL PCP e PPI (Países Baixos)

Posteriormente, cada finalista foi convidado a unha audiencia privada cos membros do xurado que levou a cabo de forma remota en outubro de 2021. As audiencias seguiron un procedemento estrito que permitiu a cada

NOVAS ASOCIADAS

A Comisión anuncia os gañadores dos premios europeos de contratación innovadora (EUIPA) 2021

Nova no portal da Xunta de Galicia

CONTIDOS RELACIONADOS

O Servicio Galego de Saúde entre os dous primeiros finalistas nos I Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación do Consello Europeo de Innovación (EUIPAwards)

O Servizo Galego de Saúde finalista nos premios europeos á contratación pública de innovación do Consello Europeo de Innovación (EUIPAwards)

solicitante presentar a candidatura (15 minutos) e responder as preguntas do xurado (45 minutos).

Finalmente, o 4 de novembro coñecéronse os dous proxectos finalistas ao primeiro e segundo premio: NCBR-IS (Polonia) e INNO-AHA SERGAS.

Ademais do prestixioso recoñecemento, o gañador co primeiro premio será recompensado con 75.000 EUR, mentres que o segundo clasificado recibirá 25.000 EUR. Tamén se convidará a todos os finalistas a unirse a un grupo de compradores pioneiros para mostrar a súa experimentación e obter inspiración das experiencias doutros compradores, por exemplo, para aprender sobre novos enfoques a través do intercambio de boas prácticas, iniciativas, ideas e innovacións.